



CULLEREDO

CONCELLO

NOVAS MEDIDAS PREVENTIVAS CONTRA A PROPAGACIÓN DO CORONAVIRUS (COVID-19)

O Concello de Culleredo, seguindo as directrices emitidas polas autoridades sanitarias e os acordos adoitados polo Goberno do Estado e a Xunta de Galicia, de cara a previr o avance do coronavirus, toma as seguintes medidas ata o levantamento do estado de alarma e as súas posibles prorrogas:

- A suspensión de todas as actividades municipais de calquera índole, tanto as lectivas do Conservatorio, Centro Ocupacional a Escada, extraescolares e as dos diferentes departamentos.
- Todas as instalacións deportivas, parques infantís, salas de maiores, centros cívicos e culturais, bibliotecas e centros propios educativos permanecerán pechados.
- A suspensión da actividade institucional e órganos colexiados por parte dos membros da Corporación.
- A saída con cans será preferentemente coa dona ou dono, de forma individual, deberán ir identificados mascota e dono, suxeitos en todo momento pola correia e será polo tempo estritamente necesario para cubrir as necesidades fisiolóxicas do can e sempre no entorno máis próximo ao domicilio, evitando contacto con outros cans.
- As saídas individuais para compra de alimentos, farmacia e outras necesidades recollidas no Decreto farase preferentemente nas proximidades do domicilio.
- Os taxis deberán establecer unha redución nos seus turnos debendo estar activos entre un 30 e un 50% dos mesmos ampliando así a Instrucción do taxi do 19/03/20.
- Suspéndese a atención presencial nos edificios municipais manterase a atención telemática a través da páxina web do concello www.culleredo.es e a telefónica de luns a venres de 9 a 14 horas:

◦ Casa do Concello: 981 677 777 Benestar Social: 981 654 570

◦ Policia Local 24 horas: 981 677 755

O Concello de Culleredo mantén aberto un protocolo de actuación ante esta situación para afrontar con celeridade calquera indicación que se realice desde as autoridades sanitarias. O goberno local fai un chamamento á cidadanía a seguir en todo momento as recomendacións para contribuir na prevención do espallamento do coronavirus.

O presente BANDO entrará en vigor dende as 15 horas do 23 de marzo de 2020 e extenderá a súa vixencia ata o fin do estado de alarma sanitaria. Sen perxuízo do anterior poderanse extender os efectos deste BANDO a medio de sucesivas prorrrogas de vixencia que serían igualmente publicadas.

José Ramón Rioboo Castro

Alcalde de Culleredo



bando da alcaldía